

XORNADA

ARTE + EDUCACIÓN

CONSELLO DA CULTURA GALEGA
SANTIAGO DE COMPOSTELA
30 DE XUÑO DE 2016



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

A xornada *Arte+Educación* asume a continuidade das distintas achegas que desde a Sección de Creación e Artes Visuais Contemporáneas do Consello da Cultura Galega se veñen desenvolvendo nos últimos anos: *Arte+Espazo Público*, *Arte+Grandes Eventos*, *Arte+Crise Social*, *Arte+Narrativa Gráfica*, *Arte+Pintura* ou *Arte+Coleccionismo*.

Arte+Educación sitúa o foco sobre este binomio vertebral para a estrutura das artes visuais contemporáneas porén desatendido, ou mal atendido, desde o propio sistema.

Arte e Educación? Que estratexias son posibles no eido da creación, educación e mediación artísticas? Que espazo ocupa a educación artística no contexto do sistema arte? Que relacións se establecen entre as artes visuais e outras disciplinas? Que responsabilidades poden ter as institucións nestas relacións?

Participa a educación artística doutros focos interdisciplinares e colaborativos xunto a outras áreas de coñecemento? Que estratexias de integración disciplinar se poden abordar desde a educación artística? Estas tácticas, de que modos se poden inserir na resolución doutras problemáticas?

Arte+Educación ofrecerá achegas analíticas desde distintos campos de actuación: a creación, a educación, a docencia e a mediación artística. Analizando modos, tácticas e responsabilidades, reflexionando sobre o rol das institucións e sobre se estas poderían absorber novos modelos de mediación horizontal e participativa.

No encontro, alén da participación dos relatores e relatoras convidados, cóntase coa colaboración e implicación de profesionais do contexto galego relacionados coa investigación das relacións entre Educación e Arte. Como resultado desta colaboración, configurouse un horizonte conceptual sobre os contextos, as formacións, os colectivos, as institucións e os campos de estudo relacionados coa educación artística. Na resolución formal deste proxecto colaborativo, nesa configuración dun posible mapeo conceptual, convídase aos participantes e asistentes da xornada.

PROGRAMA

SESIÓN DA MAÑÁ

ARTE VERSUS EDUCACIÓN: DIÁLOGOS E CONTRADICIÓN

10:00 horas

Presentación

10:30 horas

arte+educación: espazos para a transformación

Andrea de Pascual, Pedagogías Invisibles

11:30 horas

Entre-medias dos bens comúns. Cruzamentos e conflitos entre políticas culturais e educativas

Javier Rodrigo, Transdutores

12:30 horas

Pausa

13:00 horas

MESA DE DEBATE

ARTE+EDUCACIÓN=?

Modera: **Natalia Poncela López**

Participan:

Andrea de Pascual

Javier Rodrigo

Federico López Silvestre, Facultade de Xeografía e Historia, Universidade de Santiago de Compostela

Silvia García González, Facultade de Belas Artes de Pontevedra, Universidade de Vigo

SESIÓN DA TARDE

FORMACIÓN ARTÍSTICA E CREACIÓN DE NOVOS PÚBLICOS

16:30 horas

Espazos ativos de participación democrática: Processos artísticos em contextos educativos

Teresa Torres de Eça, InSEA. International Society for Education Through Art

17:30 horas

MESA DE DEBATE

ESTRATEGIAS DE MEDIACIÓN

Modera: **Natalia Poncela López**

Participan:

Teresa Torres de Eça

Cristina Trigo, Facultade de Ciencias da Educación, Universidade de Santiago de Compostela

Juan Fernando de Laiglesia, Facultade de Belas Artes de Pontevedra, Universidade de Vigo

Xabier Lorenzo, IES de Brión

ORGANIZA:
CONSELLO DA CULTURA GALEGA
SECCIÓN DE CREACIÓN E ARTES VISUAIS CONTEMPORÁNEAS

COORDINA
NATALIA PONCELA LÓPEZ

LUGAR DE REALIZACIÓN:
CONSELLO DA CULTURA GALEGA
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202 / Fax 981 957 205
difusion@consellodacultura.gal
www.consellodacultura.gal

INSCRICIÓN:
A inscrición é gratuíta.
O número de prazas é limitado (100 persoas).
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.
Entregarase diploma acreditativo de asistencia ás xornadas.
Para obter o diploma é preciso asistir ao 75% das sesións.

MÁIS INFORMACIÓN:
www.consellodacultura.gal
difusion@consellodacultura.gal
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202 / Fax 981 957 205